



## PACTO LOCAL POLO TERRITORIO COSTEIRO SOSTIBLE ACOROD DA COSTA SOSTIBLE POLA RACIONALIZACIÓN DAS AXUDAS ALOXAMENTO TURÍSTICO.

### Consideracións.

-O turismo é, para o territorio do Seo de Fisterra e Ría de Muros-Noia, unha das máis importantes vías para a diversificación económica fóra do sector da pesca, a creación de emprego e a loita contra o despoboamento.

-O crecemento do sector turístico nos últimos anos é importante, consolidando os xeodestinos turísticos de Costa da Morte e Ría de Muros Noia.

-O modelo de crecemento presenta algunhas dinámicas de desequilibrio que é preciso vixiar e reordenar de cara un crecemento máis sostible. Estas dinámicas son as que seguen:

-Gran crecemento da oferta de aloxamento fronte ao máis feble incremento da oferta de servizos complementarios.

-Concentración da oferta prazas de aloxamento en determinadas tipoloxías e categorías que non favorecen un turismo de calidade e xerador de emprego e crecemento sostible.

-Detéctase un déficit na atención ao turismo inclusivo, de interese social e, ademais, nicho económico obxectivo para os xeodestinos.

-Dende o total respecto á iniciativa privada e á liberdade para a creación de establecementos turísticos de calquera tipoloxía, sempre que sexa acorde coa normativa vixente, enténdese que os instrumentos públicos de planeamento e incentivo ao sector turístico, deben dirixirse preferentemente a promover iniciativas turísticas no eido da oferta de actividades e, no que respecta ao aloxamento, a favorecer formatos que xeren maior valor engadido e/ou que acheguen beneficios adicionais ao territorio no eido da recuperación do patrimonio, do turismo inclusivo e da integración co sector da pesca e a identidade mariñeira.

Atendendo a isto, acórdase que as liñas de axudas previstas para a **EDLP Costa Sostible 2021-2027**, no relativo ao financiamento de proxectos de aloxamento, deben establecer as seguintes normas de aplicación.

### A. NORMAS XERAIS PARA O FINANCIAMENTO DE ALOXAMENTOS.

#### A1. EXCLUSIÓN DE TIPOLOXÍAS E CATEGORÍAS.

**Non se financiarán**, en ningún caso, **Vivendas turísticas, Vivendas de uso turístico e aloxamentos de Turismo Rural**

#### A2. REFORMAS EN ALOXAMENTOS.

Financiaranse reformas de aloxamentos existentes, agás os indicados no epígrafe A1, para os seguintes fins:

- Aumento da categoría do establecemento**, ou cambio de tipoloxía de pensión a hotel.
- Creación de **prazas accesibles**.
- Incorporación de **novos servizos**, distintos de restauración.

#### A3. FINANCIAMENTO CONDICIONADO A NOVOS ALOXAMENTOS.

a) **RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO**. Financiaranse **Albergues, Pensións e Hoteis** que impliquen:





protexido. -**Aproveitamento de inmobles do patrimonio industrial mariñeiro**, estea ou non

-Inmobles de calquera tipo protexidos por calquera figura de protección do **patrimonio cultural**.

b) **HOTEIS INCLUSIVOS**. Financiaranse **Hoteis de 3 a 5 Estrelas**, sempre que **tripliquen o número de prazas accesibles** esixibles pola normativa.

c) **FORMATO BUNGALOWS**. Aloxamentos que, baixo a categoría de **Campamento turístico, Apartamentos turísticos ou Hotel** estean concibidos en **formato bungalows** - unidades de aloxamento en edificacións independentes, que cumpran todas as seguintes condicións:

-Crean cando menos 5 bungalows ou edificacións.

-Por cada tramo de cinco bungalows, un bungalow é accesible.

-Inclúan un estudo de integración paisaxística e as edificacións están baseadas en materiais de construción ecolóxico ou procedentes da economía circular (reciclaxe, reutilización); acreditadas estas circunstancias por técnico competente.

d) **TURISMO DE SAÚDE**. Aloxamentos de **calquera categoría**, agás os indicados no punto A1, que incorporen servizos de **talasotepia, termalismo ou spa**.

e) **ESIXENCIA ADICIONAL**. Para todas as tipoloxías previstas neste punto A3, esixirase que, a través do seu **interiorismo, incorporen referencias á cultura mariñeira e/ou tradición xacobeá do territorio**.

## B. FISTERRA: ÁREA DE SATURACIÓN DE OFERTA DE ALOXAMENTO.

Dada a especial situación de Fisterra, que:

-Concentra case o 25% dos establecementos turísticos do territorio e máis da metade dos albergues.

-Ten unha taxa de 25,5 prazas por cada 100 hab. (aínda sen incluír Vivendas Turísticas e Vivendas de Uso Turístico), moi superior ao resto do territorio.

-Existe unha percepción de saturación da oferta, especialmente en gamas baixas, así como unha especial presión sobre o solo rústico, o que crea unha situación de risco para o benestar da poboación, de presión sobre a paisaxe e da calidade da experiencia turística.

-Existe unha especial presión sobre o solo rústico.

Enténdese que Fisterra é un **municipio con especial saturación da oferta de aloxamento turístico**, polo cal se determinan, para Fisterra, as seguintes condicións no relativo ao financiamento de proxectos de aloxamento.

Polo que se adoptan as seguintes condicións específicas:

### B1. EXCLUSIÓN DE TIPOLOXÍAS E CATEGORÍAS.

a) **Non se financiarán**, en ningún caso, **Vivendas turísticas, Vivendas de uso turístico** e aloxamentos de **Turismo Rural e**, ademais, **Albergues**.

b) **Non se financiarán** aloxamentos de ningunha tipoloxía **en solo rústico**.

### B2. REFORMAS EN ALOXAMENTOS.

Financiaranse reformas de aloxamentos existentes nas mesmas condicións que as indicadas, para o conxunto do territorio, no punto A2.

### B3. FINANCIAMENTO CONDICIONADO A NOVOS ALOXAMENTOS.

a) **RECUPERACIÓN DE PATRIMONIO**. Non se aplica situación prevista no punto A3a).



b) **HOTEIS INCLUSIVOS.** Financiaranse **Hoteis de 4 e 5 Estrelas**, sempre que tripliquen o número de **prazas accesibles** esixibles pola normativa.

c) **FORMATO BUNGALOWS.** Aplícase a situación prevista no punto B3c), restrinxíndose ás tipoloxías de **Apartamentos turísticos** ou **Hotel**.

d) **TURISMO DE SAÚDE.** Hoteis de **3 a 5 Estrelas** que incorporen servizos de **talasotepia, termalismo ou spa**.

e) **ESIXENCIA ADICIONAL.** Para todas as tipoloxías previstas neste punto B3, esixírase que, a través do seu **interiorismo, incorporen referencias á cultura mariñeira e/ou tradición xacobeana do territorio**.

f) **ACLARACIÓN ADICIONAL.** En aplicación do punto B1, **non se financiará** ningún aloxamento dos previstos neste punto B3 se están localizados en **solo rústico**.

#### ANEXO. Cadro resume da oferta turística: Número de establecementos.

	TOTAL (sen VT e VUT)	% sobre total do territo- r.	Albergue	Apart. turístic o	Tur. Rural	Hotel 1-2*	Hotel 3-4*	Pensión	Campa- mento Turism o	Vivenda Turístic a	Vivenda Uso Turístic o
Fisterra	51	24,88%	16	9	1	11	3	11		3	288
Cee	29	14,14	5	5	3	5	1	9	1	3	100
Corcubión	8	3,90	1	2		2		3		2	81
Dumbria	15	7,31	7	1	1	1		5		1	43
Carnota	20	9,75	1	5	3	1	1	8	1	4	288
Muros	27	13,17		4	1	2	1	16	3	2	161
Outes	22	10,73		8	5	2	1	6		5	39
Noia	16	7,80		2	2	3	3	6			47
Porto do Son	17	8,29		1	1	3		8	4		189
Totais	205		30	37	17	30	10	72	9	20	1236